
ANOMAR
XVIII Concurso de poesía
Organiza:
Asociación Recreativa e Cultural "Os Tilos"
Colaboran:
CONCELLO DE TEO
Máis información:
Rúa Ameneiro, nº 8 (Baixos parroquiais)
15894 Os Tilos- Teo (A Coruña)
Tels.: 981 819 501 - 673 769 537
anomar@arcostilos.org
www.asociacion.arcostilos.org

# BASES

## 1. Quen pode participar?

Poden participar todas as persoas que están incluidos nas seguintes categorias:
Categoría 1ª.- Rapazas e rapaces de 8 a 12 anos.
Categoría 2ª.- Mozas e mozos de 13 a 17 anos.
Categoría 3ª. - A partir de 18 anos.

## 2. Como teñen que ser os poemas?

Cada persoa poderá enviar un ou dous poemas, preferiblemente mecanografados (a máquina ou ordenador) ou senón escritos a man con boa letra.
Os poemas poderán ocupar, como máximo, 100 versos e como mínimo 20 versos.
O tema dos poemas é completamente libre, ainda que deberán ter un título.
A lingua dos poemas deberá ser o galego.

## 3. Como enviar os poemas e cando?

Hai dúas opcións:

**1ª opción:**

Enviar o poema escrito, sen poñer o nome da persoa, dentro dun sobre grande onde se indicará a categoría na que participa. Dentro do mesmo sobre grande, irá ademais un sobre pequeno, no interior do cal aparecerá unha folla cos seguintes datos: título do poema, nome da persoa, data de nacemento, enderezo e teléfono de contacto.
Despois hai que enviar o sobre grande (cos poemas e máis o sobre pequeno dentro), sen datos de quen o remite, ao seguinte enderezo:

XVIII CONCURSO DE POESÍA "Anomar"
Asociación Recreativa e Cultural 'Os Tilos'
Rúa Ameneiro núm.8 (baixos parroquiais) 15894 Os Tilos - TEO

**2ª opción:**

Enviar o poema escrito, sen poñer o nome da persoa, como arquivo adxunto ao seguinte correo electrónico: **anomar@arcostilos.org**.
No e-mail terán que constar os seguintes datos: título do poema, nome da persoa, data de nacemento, enderezo e teléfono de contacto.
No asunto do correo electrónico indicarase
XVIII CONCURSO DE POESÍA "Anomar".

Os poemas enviaranse antes do 10 **de novembro de 2021.**

## 4. Quen decidirá o premio e en que consiste?

Haberá un xurado, composto por tres persoas relacionadas co mundo da literatura, que decidirá un premio para cada categoría, consistente nun lote de libros.

## 5. Cando se fará pública a decisión do xurado?

A decisión do xurado, cos títulos dos poemas e os nomes dos gañadores ou gañadoras, realizarase nun acto público, a celebrar nos Tilos o día 10 de decembro ás 20:00h., no que se fará entrega de premios as persoas premiadas.

